


**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**DO**  
**DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS**

**CURSO 2017/2018**  
**C.P.I. PLURILINGÜE CERNADAS DE**  
**CASTRO**  
**A SILVA-LOUSAME**



## Índice

---

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
1.1. REFERENCIA AO PEC.....	4
1.2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.....	6
1.3. MARCO NORMATIVO.....	7
2. DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO.....	9
2.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA O CURSO.....	9
2.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	11
2.3. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.....	14
2.4.1. MATEMÁTICAS 1º ESO.....	15
2.4.2. MATEMÁTICAS 2º ESO.....	27
2.4.3. MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 3º ESO.....	39
2.4.4. MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 4º ESO.....	51
2.4.5. MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS 4º ESO.....	62
2.4.5. XADREZ.....	74
2.5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	81
2.6. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES.....	83
2.6.1. MATEMÁTICAS 1º ESO.....	85
2.6.2 MATEMÁTICAS 2º ESO.....	99
2.6.3. MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 3º ESO.....	112
2.6.4. MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS 4º ESO.....	127
2.6.5. MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS 4º ESO.....	140
2.6.6. XADREZ.....	153
3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	159
4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.....	161
5. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.....	162
5.1. AVALIACIÓN INICIAL.....	162
5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE SUPERACIÓN DE CADA MATERIA.....	162
6. PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	167
6.1. CONTIDOS E ESTÁNDARES ESIXIBLES.....	167
6.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.....	167
6.3. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN.....	169
6.4. CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES.....	169
7. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA.....	170
8. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.....	172
9. PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS.....	174
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	176
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	178
12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	180
13. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	181
14. APROBACIÓN.....	185

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1. REFERENCIA AO PEC

- **Localización**

O Colexio Público Integrado Plurilíngüe “Cernadas de Castro” está situado no Concello de Lousame, máis concretamente no lugar da Silva.

É un municipio de 93,65 kilómetros cadrados, situado no interior da ría de Muros e Noia, con 3513 habitantes (censo do ano 2014), o que lle dá unha densidade de 37,51 habitantes por quilómetro cadrado distribuídos en 83 entidades de poboación. Esa poboación distribúese polos vales fluviais sen ningunha aglomeración urbana importante, constituíndo o concello menos habitado entre os que ocupan a península do Barbanza.

Consta de 7 parroquias: Camboño, Lousame, Fruíme, Lesende, Tállara, San Xusto de Toxosoutos e Vilacoba.

Todos estes datos fan do CPI Plurilíngüe “Cernadas de Castro” un centro educativo de carácter marcadamente rural, onde a dependencia do servizo de autobuses por parte do alumnado é case do 100%.

- **Nivel socioeconómico**

Aínda que este CPI está situado nunha zona rural non responde ó esquema habitual de zona rural agrícola, pois preto do 60% da poboación activa masculina ten como ocupación laboral algún traballo relacionado co sector secundario (industria). No entanto, mantense unha relativa actividade relacionada coa economía de complemento (non remunerada e levada a cabo, sobre todo, polas mulleres e demais familiares) : traballo das terras e coidado dos animais.

- **Nivel sociocultural**

O nivel sociocultural é medio. O Concello de Lousame conta cos departamentos de Cultura, Xuventude e Deporte; o edificio da Casa da Cultura “Santeiro de Chave” alberga a biblioteca municipal, un salón de actos, unha aula de informática e a aula de Educación de Adultos. Dende ela organízanse os obradoiros que xiran en torno ao Nadal, o Entroido, o Día das letras galegas... Entre as súas actividades destacan o teatro, a proxección de filmes, exposicións, actividades para a xuventude, cursos de informática...

Tamén cabe sinalar a presenza de gran número de asociacións e agrupacións socioculturais, como por exemplo a que leva por nome “Xuventude de Cruído”, encargada principalmente da organización de festas gastronómicas e de verbenas.

En canto ó terreo deportivo, este concello conta coas seguintes instalacións: 1 pavillón cuberto e outro semicuberto, 7 pistas polideportivas, a piscina municipal e 3 campos de fútbol.

- **Características do alumnado**

O alumnado provén na súa maioría do propio concello, agás arredor dun 25% que procede do Concello de Noia.

En xeral, ten hábitos de traballo e non existen desfases entre os seus niveis de coñecemento e as súas idades cronolóxicas; ademais non presentan problemas de conduta nin afectivos susceptibles de mención.

Unha porcentaxe pequena de alumnos, distribuídos entre tódolos niveis das distintas etapas que se imparten no centro, teñen unha adaptación curricular.

A situación social do alumnado é moi equilibrada. Non hai casos de marxinación social, nin alumnos doutras etnias, nin problemas de drogodependencia, nin alumnos baixo o sistema de protección de menores, nin alumnos de familias desarraigadas...

Algúns casos puntuais de alumnos con algún tipo de carencia económica ou de  
Programación do Departamento de Matemáticas. Curso 2017-18

problemática familiar específica (alcoholismo...), que xorden cada certo tempo, son tratados, despois dunha previa análise informada polo Departamento de Orientación do centro, polos servizos sociais do concello (a educadora familiar e a traballadora social).

- **Realidade sociolingüística**

A maioría do alumnado ten como lingua materna o galego e considera que esa é a lingua na que mellor se desenvolve. Os primeiros contactos co castelán tiveronos grazas á escola e aos amigos. Os poucos que non aprenderon a falar galego (sobre todo fillos de emigrantes e nenos/as das vilas) afirman maioritariamente saber falalo agora.

Un amplo número usa o galego nas súas intervencións nas aulas, para tomar apuntes e para realizar traballos.

## **1.2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO**

No curso 2017-18, o Departamento estará formado por catro profesores:

- D.<sup>a</sup> **Pilar Cobas Cajuso**, Directora do centro.
- D.<sup>a</sup> **María Belén López González**, profesora do Departamento de Física e Química.
- D. **Manuel Fuentes García**, profesor do Departamento de Bioloxía.
- D. **Iván Folgueira Pérez**, Xefe de Departamento.

A primeira atópase en comisión de servizos por cargo directivo e con destino definitivo no IES Lamas de Castelo – Carnota. A segunda é profesora do departamento de Física e Química e impartirá a materia de Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas en 4º de E.S.O. O profesor do Departamento de Bioloxía impartirá Matemáticas en 2º ESO e por último, o xefe de departamento atópase en prácticas.

O traballo docente nos grupos existentes neste curso académico está distribuído da seguinte maneira:

**D.<sup>a</sup> Pilar Cobas Cajuso:** Está encargada da materia de **Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas** en 4º ESO. En total terá 4 sesións de docencia.

**D.<sup>a</sup> María Belén López González:** Está encargada da materia de **Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas** en 4º ESO. En total terá 4 sesións de docencia.

**D. Manuel Fuentes García:** Encargarase da materia de **Matemáticas** en 2º ESO, grupo que se encontra desdoblado debido ás súas características. En total impartirá 10 sesións de docencia nesta especialidade.

**D. Iván Folgueira Pérez:** Está encargado da materia de **Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas** en 4º ESO (grupo bilingüe), en 3º ESO (grupos bilingüe e non bilingüe) e **Matemáticas** en 1º ESO. Ademais impartirá a materia de **Xadrez** en 1º ESO. En total terá 18 sesións de docencia.

O Departamento de Matemáticas celebrará unha reunión mensual, fóra do horario de permanencia no centro, que será convocada polo Xefe de Departamento con suficiente antelación. Periodicamente, as reunións do Departamento terán por obxecto facer o seguimento do desenvolvemento desta programación didáctica e establecer as medidas correctoras que, se é o caso, se estimen necesarias. Ao final de cada unha delas, o Xefe de Departamento levantará unha acta na que se recollerá o tratado.

### **1.3. MARCO NORMATIVO**

- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE).
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.
- Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (Corrección de erros do 30/05/2011).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE. (DOG 21/12/2011).
- Real Decreto-Lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27-01-2015).
- ORDE do 7 de xuño de 2016 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016/17 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 29 de xuño 2015).

- ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2016/17 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.( DOG 01-08-2016).

## 2. DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO

### 2.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA O CURSO

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para



adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento

fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **2.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

Segundo recolle o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de coñecemento, en particular, dende as matemáticas.

Tal e como establece o decreto anteriormente citado, as competencias clave son as seguintes:

- **Comunicación lingüística (CCL).**
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**
- **Competencia dixital (CD).**
- **Aprender a aprender (CAA).**
- **Competencias sociais e cívicas (CSC).**
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

No sucesivo faremos referencia a elas simplemente a través das siglas indicadas entre parénteses.

As matemáticas facilítannos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques. Todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe

transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe entenderse como un conxunto de bloques independentes. É necesario traballalo de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda

quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

### **2.3. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE**

Neste apartado, respectando o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recóllense os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para as materias de Matemáticas, e a relación destes co desenvolvemento das distintas competencias clave e dos obxectivos xerais. Ademais, no seguinte apartado desta programación aparece una proposta de distribución dos contidos e estándares de aprendizaxe por unidades, as cales aparecen referenciadas na derradeira columna da seguinte táboa.

## 2.4.1. MATEMÁTICAS 1º ESO

Matemáticas. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Unidades
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</li> <li>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</li> <li>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Unidade 5.</li> <li>▪ Unidade 6.</li> <li>▪ Unidade 10.</li> </ul>

Matemáticas. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Unidades
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>

Matemáticas. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Unidades
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> <li>f</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>f</li> <li>g</li> <li>l</li> <li>m</li> <li>n</li> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todas.</li> </ul>



Matemáticas. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Unidades
			conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recollida ordenada e organización de datos.</li> <li>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</li> <li>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.</li> <li>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Unidade 6.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Unidade 6.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Unidade 7.</li> <li>▪ Unidade 8.</li> <li>▪ Unidade 9.</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Unidade 10.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recollida ordenada e organización de datos.</li> <li>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas.</li> </ul>

Matemáticas. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Unidades
▪ g	estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.	argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	▪ MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	▪ CCL	▪ Todas.
			▪ MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	▪ CD ▪ CAA	▪ Todas.
			▪ MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.	▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE	▪ Todas.
Bloque 2. Números e álgebra					
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h	▪ B2.1. Números negativos: significado e utilización en contextos reais. ▪ B2.2. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora. ▪ B2.3. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións. ▪ B2.4. Números decimais: representación, ordenación e operacións.	▪ B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.	▪ MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	▪ CMCCT	▪ Unidade 1. ▪ Unidade 2. ▪ Unidade 3. ▪ Unidade 4.
			▪ MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	▪ CMCCT	▪ Unidade 1. ▪ Unidade 2. ▪ Unidade 3. ▪ Unidade 4.

Matemáticas. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Unidades
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.</li> <li>▪ B2.6. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.</li> <li>▪ B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.</li> <li>▪ B2.8. Xerarquía das operacións.</li> <li>▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Unidade 1.</li> <li>▪ Unidade 2.</li> <li>▪ Unidade 3.</li> <li>▪ Unidade 4.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.10. Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade.</li> <li>▪ B2.11. Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos.</li> <li>▪ B2.12. Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais.</li> <li>▪ B2.13. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.</li> <li>▪ B2.14. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.</li> <li>▪ B2.8. Xerarquía das operacións.</li> <li>▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.</li> <li>▪ MAB2.2.2. Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégao en exercicios, actividades e problemas contextualizados.</li> <li>▪ MAB2.2.3. Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplícao problemas contextualizados.</li> <li>▪ MAB2.2.4. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Unidade 1.</li> <li>▪ Unidade 2.</li> <li>▪ Unidade 1.</li> <li>▪ Unidade 1.</li> <li>▪ Unidade 3.</li> </ul>

Matemáticas. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Unidades
	para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.2.5. Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, comprendendo o seu significado e contextualizándoo en problemas da vida real.</li> <li>▪ MAB2.2.6. Realiza operacións de redondeo e truncamento de números decimais, coñecendo o grao de aproximación, e aplícao a casos concretos.</li> <li>▪ MAB2.2.7. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.</li> <li>▪ MAB2.2.8. Utiliza a notación científica, e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Unidade 2.</li> <li>▪ Unidade 4.</li> <li>▪ Unidade 4.</li> <li>▪ Unidade 4.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Xerarquía das operacións.</li> <li>▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Unidade 1.</li> <li>▪ Unidade 2.</li> <li>▪ Unidade 3.</li> <li>▪ Unidade 4.</li> </ul>
B1.2. Pezas: nomes e colocación. Vocabulario do xadrez.	XAB1.2.1. Coñece o nome das pezas en varias linguas e sabe colocalas no taboleiro.	75%	X	X	X	X	X	X
	XAB1.2.2. Usa con corrección o vocabulario específico do xadrez.	75%	X	X	X	X	X	
B1.3. Movementos das pezas. B1.4. Reloxo: tipos ao longo da historia. B1.5. Valor das pezas. Equivalencias.	XAB1.3.1. Reproduce con corrección os movementos das pezas do xadrez.	75%	X		X	X	X	X
	XAB1.3.2. Distingue o valor das pezas do xadrez.	75%	X			X	X	
	XAB1.3.3. Identifica os tipos de reloxos ao longo da historia do xadrez.	50%				X	X	X
	XAB1.3.4. Utiliza o reloxo nunha partida.	50%			X			X
	XAB1.3.5. Realiza operacións combinadas cos valores das pezas, aplicando correctamente a xerarquía de operacións.	50%	X			X	X	

Xadrez. 1º de ESO									
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación						
			PE	PO	OBS	CAD	TI	TG	
	XAB1.3.6. Realiza e formula actividades e problemas matemáticos onde se manexe o valor das pezas do xadrez de xeito creativo.	50%	X						X
B1.5. Capturas das pezas. B1.6. Ameazas e defensas. Xogadas erróneas.	XAB1.4.1. Aplica a captura das pezas.	75%	X		X	X	X		
	XAB1.4.2. Identifica xogadas erróneas con certa rapidez.	50%			X	X	X		
	XAB1.4.3. Aplica as formas de defenderse das ameazas das pezas.	75%	X		X	X	X		
	XAB1.4.4. Recoñece os motivos polos que un/unha xogador/a sacrifica unha peza.	50%			X				
B1.7. Enroque: curto e longo. Condicións para o enroque.	XAB1.5.1. Recoñece os tipos de enroque.	100%	X		X	X			
	XAB1.5.2. Aplica correctamente o enroque ao longo dunha partida.	50%			X				
	XAB1.5.3. Identifica cando se pode facer o enroque.	75%	X		X	X			
	XAB1.5.4. Representa sobre o taboleiro casos prácticos sobre o enroque.	75%				X	X		
Bloque 2. O xogo en acción									
B2.1. Concepto de xaque. Defensa e tipos. B2.2. Xaque mate. Mates famosos. B2.3. Combinacións de xaque mate: con dama, con torre, con alfil, con cabalo e con peón.	XAB2.1.1. Realiza xaques como estratexia de ataque nunha partida.	75%			X				
	XAB2.1.2. Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso.	50%			X				

Xadrez. 1º de ESO								
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación					
			PE	PO	OBS	CAD	TI	TG
B2.4. Xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas con diferentes pezas.	XAB2.1.3. Reproduce nun taboleiro os mates máis famosos.	50%			X			
	XAB2.1.4. Reproduce xaque mate con rei e outras pezas, contra o rei contrario.	50%			X			
	XAB2.1.5. Resolve e formula casos prácticos de xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas.	75%	X			X		
B2.5. Táboas: tipos.	XAB2.2.1. Distingue todos os casos de táboas.	50%	X			X		
	XAB2.2.2. Reproduce casos prácticos de táboas nunha xogada.	50%			X			
B2.6. Notación das xogadas: alxébrica e descritiva (clásica).	XAB2.3.1. Anota correctamente os movementos das pezas nun patrón de xadrez ao longo dunha partida.	75%				X	X	X
	XAB2.3.2. Establece equivalencias entre a anotación alxébrica en xadrez coa representación de puntos no plano nos eixes cartesianos.	50%				X		
	XAB2.3.3. Reproduce unha partida no taboleiro desde as anotacións alxébricas.	50%				X		
B2.7. Combinacións: dobre ameaza, cravada, descuberta e raios X.	XAB2.4.1. Distingue as fases dunha combinación: formulación, análise e combinación.	50%			X	X		
	XAB2.4.2. Realiza dobres ameazas, cravadas, descubertas e raios X.	50%			X			
	XAB2.4.3. Realiza os dous tipos de descubertas.	50%			X			
	XAB2.4.4. Reproduce e formula posicións no taboleiro de xadrez de todos os casos de combinacións.	50%			X			

Xadrez. 1º de ESO								
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación					
			PE	PO	OBS	CAD	TI	TG
B2.8. Intercambios: presión-defensa, intercambios de pezas, simplificación e contraataque.	XAB2.5.1. Aplica intercambios eficaces ao longo da partida.	50%			X			
	XAB2.5.2. Identifica cando nunha simplificación se entra no final de xogo.	25%			X			
	XAB2.5.3. Formula situacións de todos os casos de intercambio de pezas.	25%			X	X		
B2.9. Introducción aos principios da apertura. Erros na apertura.	XAB2.6.1. Coñece como se domina o centro na apertura.	50%			X	X		
	XAB2.6.2. Aplica as normas básicas da apertura e evita erros graves.	75%			X	X		
	XAB2.6.3. Anticipa as posibles xogadas do/da contrincante.	50%			X			
B2.10. Final. Finais de rei e peóns. Finais con pezas.	XAB2.7.1. Reproduce e aplica a regra do cadrado no final de rei e peóns, a regra da posición, o final de rei contra rei e peón, o final de dous peóns e os finais de dous peóns e pezas menores.	25%			X			
Bloque 3. Transversalidade no xadrez								
B3.1. Historia do xadrez. Lenda de Sissa. B3.2. Campións e campioas do mundo.	XAB3.1.1. Utiliza o concepto de sucesión numérica na lenda de Sissa.	50%				X		
	XAB3.1.2. Traballa de xeito cooperativo sobre a evolución do xadrez e das súas pezas en diferentes países, utilizando as TIC.	50%			X	X		X
	XAB3.1.3. Coñece os/as mellores xogadores/as de xadrez e analiza o papel das mulleres neste xogo.	50%						X

Xadrez. 1º de ESO								
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación					
			PE	PO	OBS	CAD	TI	TG
B3.3. Xadrez e ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación (aplicacións de teléfono móbil, programas informáticos de xadrez, espazos virtuais de almacenamento de información, aplicacións de animación estilo flash, scratch, etc.)	XAB3.2.1. Coñece e manexa programas e aplicacións de teléfono móbil relacionados co xadrez.	75%					X	
	XAB3.2.2. Utiliza espazos de almacenamento de información en rede (blog, wiki, etc.) para favorecer o intercambio de información entre os membros do grupo co que traballe.	25%					X	X
	XAB3.2.3. Coñece e manexa diferentes plataformas de xadrez en liña que reforcen a aprendizaxe dos contidos do xadrez, ademais de poder desenvolver partidas con xogadores/as doutros países.	50%					X	
B3.4. Xadrez e matemáticas.	XAB3.3.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar operacións cos distintos tipos de números e porcentaxes a través do xadrez.	75%				X	X	
	XAB3.3.2. Formula e resolve problemas e cuestións xeométricas sinxelas (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, simetrías, perímetros, superficies, etc.) nas que se traballen conceptos do xadrez.	50%				X		
	XAB3.3.3. Interpreta e analiza gráficas elementais nun contexto de xadrez.	50%				X		
	XAB3.3.4. Representa datos de xadrez en gráficas e calcula a media, a mediana e a frecuencias absolutas e relativas, co fin de extraer conclusións.	25%	X			X		
	XAB3.3.5. Calcula probabilidades sinxelas de sucesos ligados a experimentos de xadrez.	25%				X		

Xadrez. 1º de ESO								
Contidos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación					
			PE	PO	OBS	CAD	TI	TG
	XAB3.3.6. Elabora cuestionarios sobre contidos que relacionen as matemáticas co xadrez e avalíalos con corrección e precisión.	25%				X	X	
B3.5. Pasatempos con xadrez: sudokus de xadrez, salto do cabalo, lanzarraios (co movemento da torre) etc.	XAB3.4.1. Resolve e crea pasatempos de xadrez con autonomía e eficacia.	25%					X	
B3.6. O xadrez na literatura, na música e no cine.	XAB3.4.2. Comprende textos de diferentes xéneros literarios que fagan referencia á temática do xadrez.	25%					X	
B3.7. O xadrez nos medios de comunicación.	XAB3.4.3. Crea e redacta versos emparellados sobre temática do xadrez seguindo modelos establecidos.	25%					X	
	XAB3.4.4. Resume e analiza de xeito crítico a representación do xadrez no cine.	25%					X	X
	XAB3.4. 5. Procura información de actualidade sobre o xadrez e analízaa dun xeito crítico.	50%					X	X

### 3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A programación didáctica do Departamento de Matemáticas C.P.I. Plurilíngüe “Cernadas de Castro” de Lousame baséase nos seguintes principios metodolóxicos:

- Propoñer situacións próximas á realidade dos alumnos e das alumnas, tendo en conta os seus coñecementos previos
- Facilitar a información necesaria para a realización das actividades de tal xeito que o alumnado progrese activamente, aplicando os procedementos e conceptos xa asimilados a situacións novas.
- Promover o traballo en equipo e a reflexión individual e colectiva sobre a tarefa realizada, para que o alumno e a alumna vaia estruturando e ordenando o seu propio pensamento dun modo lóxico.
- Favorecer a motivación do alumnado propoñendo, sempre que se poida, actividades de carácter manipulativo, experimental e lúdico, que, ao mesmo tempo que cumpren os obxectivos didácticos, sexan atraentes e motivadoras.
- Conseguir a funcionalidade das aprendizaxes, posibilitando a súa utilización en distintos contextos e situacións, a partir de actividades diversificadas e da interrelación dos distintos tipos de contidos.
- Aceptar a diversidade dos alumnos e das alumnas que forman a clase, posibilitando a resolución das distintas necesidades que aparecerán.
- Dar un tratamento helicoidal aos temas, traballando ao longo das etapas os contidos dun mesmo tipo, reconsiderándoos e ampliándoos, prestando atención ao ritmo de evolución e madurez do alumnado.
- Tomar en consideración o carácter de materia instrumental das matemáticas, permitindo un



tratamento interdisciplinario dalgúns contidos.

- Partir do que os alumnos e alumnas xa saben, pois consideramos que o coñecemento constrúese sobre bases xa existentes.
- Outorgar unha grande importancia ao dominio da técnica. En consecuencia, expresaranse as técnicas básicas (os procedementos) a fin de que o alumnado chegue a dominalas de tal xeito que sexa capaz de manipular pequenas variacións e integralas en estratexias de resolución de problemas. Só así poderá acceder a unha actividade creativa.
- Tómase en consideración a atención á diversidade en cada curso. Na estrutura de cada unidade débese distinguir entre un nivel mínimo común e un nivel de ampliación.

## 4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO

Na posta en práctica dos contidos e das actividades previstas nesta programación didáctica imos empregar material diverso, entre o que salientamos o seguinte:

- Libros de texto:

1º E.S.O.: Matemáticas 1º. Proyecto Savia. Editorial SM.

2º E.S.O.: Matemáticas 2º. Proyecto Savia. Editorial SM.

3º E.S.O.: Matemáticas orientadas a las enseñanzas académicas. Proyecto Savia. Editorial SM.

4º E.S.O.: Matemáticas orientadas a las enseñanzas académicas. Proyecto Savia. Editorial SM.

4º E.S.O.: Matemáticas orientadas a las enseñanzas aplicadas. Proyecto Savia. Editorial SM.

- Calculadoras de tipo elemental, científico e gráficas.
- Aula de informática con equipamento de 15 computadoras para alumnos e unha para profesor, impresora, escáner, canón e encerado dixital, rede e acceso a Internet.
- Programas informáticos (Geogebra, Maxima, Scratch...).
- Colección de transparencias e retroproyector.
- Planos e mapas.
- Equipo probabilidades: Dados, cartas, botellas mostrais, binostato, etc.
- Sólidos xeométricos.
- Libros de texto en lingua inglesa.
- Material escrito elaborado no centro e audiovisuais en lingua inglesa.
- Internet.

## **5. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

Aínda que os instrumentos e procedementos de avaliación aparecen listados e relacionados cos distintos estándares de aprendizaxe no apartado correspondente desta programación, nesta sección incluimos a descrición da avaliación inicial e os criterios de cualificación e as condicións que debe cumprir un alumno para considerar a materia correspondente aprobada.

### **5.1. AVALIACIÓN INICIAL**

Para determinar os coñecementos previos dos alumnos, fundamental para acadar un aprendizaxe significativo e construtivo, recoméndase a realización de probas, non necesariamente escritas, de avaliación inicial (polo menos unha de carácter xeral ao comezo do curso). Segundo os resultados destas, poderanse adaptar as estratexias metodolóxicas co fin de acadar os obxectivos e competencias básicas.

### **5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE SUPERACIÓN DE CADA MATERIA**

As principais normas básicas a seguir na avaliación da ESO son as que a continuación se sinalan:

- Durante cada trimestre o profesor realizará , se é posible, dúas probas escritas (como mínimo) que se basearán nos contidos e estándares de aprendizaxe traballados nas unidades avaliadas, tendo en conta os criterios de avaliación recollidos nesta programación.
- En cada proba figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta.

- A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, teranse en conta a presentación e desenvolvemento do problema.
- Tamén se valorará a orde, claridade, ortografía e limpeza coa que está realizado o exame, podendo restarse 1 punto como máximo por este concepto.
- A cualificación de cada unha das probas darase cun número entre 0 e 10, que poderá levar decimais.
- Se un alumno mostra unha actitude negativa durante a realización dunha proba (falar cando non debe, empregar material non autorizado, copiar respostas de probas doutro compañeiro...) o profesor poderá retirarlle a proba, que será cualificada cun 0.
- A duración destas probas será en xeral dunha unidade lectiva (50 minutos), se ben cando resulte aconsellable, e sempre de mutuo acordo cos alumnos, poderá destinarse unha duración maior, sempre que esta non imposibilite a realización doutras actividades lectivas ordinarias.
- Na cualificación global nun trimestre teranse en conta os seguintes elementos:

**1º.- A cualificación numérica** obtida da media ponderada dos exames de avaliación (no caso de que se acumule materia dun exame para o seguinte, sempre terá máis peso aquel que comprenda máis materia). Será necesario que o alumno acade unha cualificación mínima dun 3 en cada unha das probas de cada trimestre para facer media e poder acadar unha avaliación positiva. No caso de que un alumno non acade un 3 nalgunha proba, a avaliación quedará automaticamente suspensa, aínda que, excepcionalmente, o profesor poderá considerar a posibilidade de realizar unha proba de recuperación.

**2º.- A realización daquelas actividades** puntualmente establecidas para a casa, as encomendadas en períodos vacacionais, a colaboración no desenvolvemento das clases, a participación, a voluntariedade e a actitude do alumno na aula. Tamén se poderá valorar o traballo realizado polo alumno no seu caderno, ben por observación directa por parte do profesor ou mediante unha proba que permita avaliar a utilidade do mesmo.

A obtención da cualificación da avaliación realizarase de acordo co establecido no seguinte esquema:

**Matemáticas 1º ESO:**

Entre o 70% - 80%, CUALIFICACIÓN NAS PROBAS ESCRITAS

Entre o 30% - 20%, CUALIFICACIÓN NOUTRAS ACTIVIDADES

**Matemáticas 2º ESO:**

Entre o 70% - 80%, CUALIFICACIÓN NAS PROBAS ESCRITAS

Entre o 30% - 20%, CUALIFICACIÓN NOUTRAS ACTIVIDADES

**Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas 3º ESO:**

Entre o 80% - 90%, CUALIFICACIÓN NAS PROBAS ESCRITAS

Entre o 20% - 10%, CUALIFICACIÓN NOUTRAS ACTIVIDADES

**Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas 4º ESO:**

Entre o 80% - 90%, CUALIFICACIÓN NAS PROBAS ESCRITAS

Entre o 20% - 10%, CUALIFICACIÓN NOUTRAS ACTIVIDADES

**Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO:**

Entre o 80% - 90%, CUALIFICACIÓN NAS PROBAS ESCRITAS

Entre o 20% - 10%, CUALIFICACIÓN NOUTRAS ACTIVIDADES

### **Avaliación doutras actividades**

Dentro das porcentaxes destinadas á cualificación doutras actividades inclúense:

- A realización de deberes.
- A participación na aula
- A actitudes
- Os traballos propostos

A porcentaxe asignada a cada unha destas actividades queda a criterio de cada profesor, quedando limitada polos rangos contemplados en cada curso para a valoración deste apartado.

### **Información importante a ter en conta na avaliación**

- O alumnado que mostre un comportamento incorrecto durante a sesións de clase de forma reiterada poderá ver afectada negativamente a súa nota da correspondente avaliación, chegando incluso a suspender aínda que a puntuación resultante do esquema anterior sexa igual ou superior a 5. Cada profesor establecerá ao comezar o curso a medida en que as faltas de conduta afectan á nota final de cada avaliación.
- O alumno poderá ver o exame corrixido e puntuado, sempre en presenza do profesor.
- A incomparecencia non xustificada a un exame é motivo de suspenso no bloque avaliado. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame por un motivo xustifico, o profesor poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno ata ese momento.

### **Recuperacións :**

Unha vez finalizado cada un dos dous primeiros trimestres, preferiblemente despois dos períodos vacacionais, realizarase un exame de recuperación da materia correspondente ao trimestre a non ser que se realice avaliación continua. Este exame terá carácter voluntario para o alumnado.

A finais de curso, preferiblemente na última semana, realizarase un exame final para aquel alumnado que aínda teña algunha avaliación suspensa. Cada alumno só realizará as cuestións correspondentes ás avaliacións que teña suspensas.

### **Cualificación final de xuño:**

No caso de ter tódalas avaliacións superadas, a cualificación final de xuño obterase facendo a media aritmética das cualificacións destas. Esta media redondearase á alza ou á baixa segundo o grao de madurez que o alumno amose no desenvolvemento das competencias e consecución dos obxectivos ao longo do curso.

En caso de ter algunha avaliación suspensa cunha nota inferior a 4 a cualificación final será sempre negativa (inferior a 5) debendo presentarse ó exame de setembro con toda a materia.

### **Proba extraordinaria de setembro:**

Os alumnos que non acaden unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación ordinaria de xuño deberán facer unha proba extraordinaria en setembro, na que se examinarán de toda a materia, independentemente de que durante o curso tiveran algunha avaliación aprobada.

Esta proba escrita constará de exercicios prácticos e/ou teóricos que recollerán os aspectos máis importantes da materia e estarán baseados sempre nos estándares principais que son os que aparecen na programación

sinalados cun porcentaxe igual ou superior ao 75% de grao mínimo de consecución.

Para acadar unha avaliación extraordinaria de setembro positiva, o alumno deberá obter nela unha cualificación igual ou superior a 5.

Valorarase positivamente a realización de tarefas que se puidesen ter encomendado ao alumnado no período vacacional.

## **6. PLANS DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

Os contidos esixibles ós alumnos con materias pendentes de cursos anteriores, son os que aparecen na programación das materias correspondentes do curso académico 2016-2017.

### **6.1. CONTIDOS E ESTÁNDARES ESIXIBLES**

De entre os estándares avaliábeis citados no apartado correspondente, serán esixibles aqueles que foron traballados polo profesor na clase no ano académico que o alumno/a suspendeu e tamén aqueles outros que foron propostos polo departamento nos boletíns de exercicios de recuperación.

### **6.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES**

En primeiro lugar, o Xefe de Estudos de Secundaria comunicará ó departamento de Matemáticas os alumnos coa materia pendente en cada un dos cursos e grupos. Hai que ter en conta o alumnado procedente doutros centros, do cal é máis difícil facer un seguimento.



A continuación, o Xefe do Departamento informará ao alumnado con materias pendentes do seguinte:

- Nivel que se debe recuperar.
- Advertencia sobre a relevancia da recuperación da materia pendente a efectos de promoción ou de titulación.
- Criterios de avaliación, así como a cita da lexislación que os regula por se se desexa consultar.
- Plan de traballo consistente en tres aspectos principais:
  - Exercicios e traballos que se deben entregar en determinados prazos e como serán valorados.
  - Horas e lugares de atención ó alumnado con Matemáticas pendentes para resolución de dúbidas ou axuda na elaboración dos traballos por parte do profesorado correspondente, avisando con antelación ao profesor.
  - Probas escritas que se realizarán en maio e se fose preciso, en setembro.

Unha vez informados os alumnos, se hai dispoñibilidade de tempo (é dicir, se o número de alumnos non é moi grande) o Xefe do Departamento procurará informar por teléfono ou carta ós pais/nais/titores de cada un destes alumnos para asegurarse de que tamén lles chega a eles esa información.

Desenvolverase o Plan de traballo cos alumnos tal como se explica na folla informativa citada antes.

### **6.3. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN**

- Ata o 8 de maio de 2017, entrega dos exercicios encargados nos prazos que figuran en cada folla de exercicios ó Xefe de departamento ou ó profesor encargado da súa avaliación.
- Na penúltima semana de maio de 2017, realización do exame no día e hora que se indicara.

### **6.4. CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES**

- Os exercicios entregados en prazo constituirán o 40 % da nota.
- Os exercicios entregados fóra de prazo constituirán o 20 % da nota.  
O resto da nota corresponde á proba escrita
- Un alumno que supere a proba escrita aprobará de tódolos xeitos.

### ***IMPOSIBILIDADE DE EFECTUAR UNHA AVALIACIÓN CONTÍNUA COMPLETA.***

- Os apoios ofrecidos nalgúns períodos de lecer son de tipo voluntario e non poden ser considerados sesións lectivas, polo cal non se contempla realizar unha avaliación continua baseada nos mesmos.
- O único medio de realizala consiste na revisión dos traballos propostos e na observación por parte dos membros do departamento dos progresos do alumno nas clases propias do seu nivel actual.

## 7. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Dende a área de Matemáticas contribuiremos ó fomento da lectura aproveitando a oportunidade de reforzar as aprendizaxes que se presentan nas clases de matemáticas. Para iso levaranse a cabo lecturas individualizadas ou colectivas de textos que versen sobre curiosidades matemáticas, historia das matemáticas, científicos ilustres, etc., procurando que ditos textos teñan relación coa unidade que se estea a tratar.

No departamento tamén queremos motivar ao alumnado e intentar aumentar o seu gusto pola materia, polo que propoñemos unha serie de lecturas voluntarias nos distintos niveis da E.S.O. que se valorarán positivamente na avaliación do alumnado. Queremos así, fomentar a lectura dun xeito reforzador e positivo.

As lecturas propostas para cada nivel son as seguintes:

1º e 2º E.S.O:

- Póngame un kilo de matemáticas, de Carlos Andradadas, ed. SM.
- Flores para Algernon, de Daniel Keyes, ed. SM.
- El asesinato del profesor de matemáticas, de Jordi Sierra i Fabra, ed. Anaya.

3º e 4º E.S.O:

- El diablo de los números, de Hans Magnus Enzensberger, ed. Siruela.
- El remoto decimal, de Gonzalo Moure, ed. SM.
- El tío Petros y la conjetura de Goldbach, de Apóstolos Doxiadis, ed. Zeta.

- La fórmula preferida del profesor, de Yoko Ogawa, ed. Funambulista.
- Planilandia, de Edwin A. Abbott, ed. El Barquero.

Trátase de que o alumnado escolla de entre estes libros (de carácter ameno, adaptados á súa idade e que amosan a utilidade das matemáticas na vida cotiá así como a importancia da comunicación, o respecto, a tolerancia...) o que lle resulte máis interesante e atractivo e, así, aprendan a desfrutar da lectura, amplíen o seu vocabulario e melloren a súa expresión oral e escrita.

Por outra parte, a lectura estará presente ao longo de todas as sesións. É de especial interese traballar a lectura comprensiva e analítica, xa que a falta de comprensión lectora dos alumnos é unha das principais dificultades que atopamos na resolución de problemas matemáticos. Por iso, leremos en voz alta os enunciados dos problemas, exercicios, definicións... e todo aquilo que sexa pertinente, axudando aos alumnos a manexar con soltura o vocabulario propio da materia e a seguir razoamentos lóxicos, para asegurarnos así da correcta comprensión dos textos.

A maiores, completaremos esta potenciación da lectura entre o alumnado de 4º curso da ESO coa materia de Introducción á Tecnoloxía Informática, que é cursada por todos eles. Neste sentido, faremos especial fincapé no tratamento de textos utilizando Internet como fonte na procura de información. Así propoñeremos a elaboración (o que nos permitirá contribuír ó fomento da escritura) e exposición (para así traballar entre outras cousas a lectura) en pequenos grupos de traballos sobre determinados temas de interese para o alumnado.

## 8. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

O Decreto 133/2007 no seu anexo VI regula os plans de integración das tecnoloxías da información e a comunicación nos centros e o último parágrafo do apartado 7 d) da Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece que nas programacións didácticas de cada unha das materias quedará expreso o tratamento de fomento das Tecnoloxías da información e da comunicación.

O Departamento colaborará ó longo do presente curso no fomento da utilización das novas tecnoloxías relacionadas coa información e a comunicación. Neste sentido, estas son as actuacións previstas máis salientables:

- 1.- Utilización da calculadora de forma eficaz e intelixente para realizar operacións complicadas, comprobar cálculos manuais ou mentais e realizar pequenas investigacións.
- 2.- Prácticas na Aula de Informática (sempre que a dispoñibilidade da aula sexa posible) destinadas a realización de operacións, a construción de figuras xeométricas, a medición de áreas, a composición de movementos e o tratamento de gráficos e datos estatísticos.
- 3.- Algunha práctica na mesma Aula de Informática consistente en buscar información na rede sobre un determinado matemático ou sobre un contido concreto do programa. Aproveitaranse, tamén, este tipo de prácticas para visitar páxinas web doutros centros e comprobar o grao de desenvolvemento de cada una delas con respecto á do noso.
- 4.- Dar a coñecer software libre de cálculo simbólico como Maxima (<http://maxima.sourceforge.net/>), o paquete de xeometría e álgebra Geogebra (<https://www.geogebra.org/>) e a linguaxe de programación Scratch. Os dous primeiros estarían indicados para o 4º ESO, mais Scratch

podería empregarse para introducir a linguaxe lóxica e o pseudocódigo dende 2º ESO.

5.- Empregar a aula virtual para reducir as limitacións de tempo e espazo das clases regradas. Mediante cursos creados nela o profesorado podería subir material para complementar a materia, facilitar enlaces con información interesante para os alumnos e resolver dúbidas de forma máis áxil mediante os foros.

## 9. PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS

Os temas transversais son procesos activos, permanentes e preventivos que pretenden informar e formar ao alumnado. Relaciónanse coa actitude ante a vida e, baixo esta perspectiva, o profesorado ten que inculcalos.

A área de Matemáticas debe potenciar a ensinanza dos temas transversais, contribuindo a difundir estas ensinanzas e conseguir que as alumnas e os alumnos cheguen a ser cidadáns e cidadás responsables.

A **igualdade entre os sexos e a educación para a paz** introducirase fomentando o desenvolvemento de actividades de grupo sen distincións por razóns de sexo, e potenciando un clima, tanto nos grupos de traballo como na clase, de aceptación, respecto e valoración das solucións distintas das propias que sexan aportadas tanto polos alumnos como polas alumnas. Así mesmo o/a profesor/a de Matemáticas deberá empregar diariamente unha linguaxe non sexista e coidar de que os enunciados dos exercicios e problemas non reproduzan roles sexistas.

A **educación para a saúde** farase a través do emprego, na resolución de exercicios e problemas, de datos que se refiran a situacións de coidado da saúde e prevención de enfermidades, etc, que están presentes a cotío nos medios de comunicación.

A **educación cívica e moral** virá aparellada coa potenciación do traballo cooperativo e, polo tanto coa responsabilidade persoal no cumprimento das tarefas, a valoración dos distintos puntos de vista e a aceptación de decisións colectivas.

A **educación para o consumo** farase desenvolvendo o espírito crítico ante as informacións expresadas mediante linguaxes numéricas, gráficas e

estadísticas, como os que nos poden ofrecer situación relacionadas coas rebaixas, o I.V.E., etiquetas de produtos de alimentación, etc.)

A **educación ambiental** promoverase, por exemplo, ante informacións de tipo estatístico e a interpretación de gráficas e táboas de datos como as relacionadas coa contaminación ambiental, a deforestación, a superpoboación mundial

A **educación viaria** é importante introducila nos cursos inferiores como elemento motivador, aproveitando a afección de algúns alumnos e alumnas aos coches e as motos. O seu obxecto é incrementar a reflexión e a conciencia crítica ante determinados comportamentos cos vehículos.



## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En todos os niveis educativos atopámonos con alumnos/as con diferentes capacidades, intereses e motivacións. Desde a clase de Matemáticas prestaremos atención a esa diversidade para conseguir que cada alumno/a renda o máximo. Para iso tense arbitrado o seguinte proceso:

- Valoración inicial do alumnado.
- Valoración dos coñecementos previos para cada unidade didáctica.
- Actividades iniciais do alumnado e rexistro de observacións por parte do profesorado.
- Actividades de reforzo dirixidas ás persoas nos que se detecten dificultades.
- Actividades de ampliación para as persoas nas que se detecte unha capacidade alta.
- Avaliación do alumnado, da unidade e do proceso de aprendizaxe.
- Comezo de novo do proceso indicado no segundo punto con outra unidade didáctica.
- Cando haxa alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais efectuarase unha adaptación curricular. Para iso contaremos previamente coa opinión dos/as profesores/as de Orientación e de Pedagogía Terapéutica do centro. O Departamento de Matemáticas, á vista dos informes dos especialistas, definirá para estes alumnos e alumnas as seguintes adaptacións curriculares:
  - Cambios metodolóxicos.
  - Prioridade nalgúns obxectivos e contidos.
  - Modificacións do tempo de consecución dos obxectivos.

- Adecuación dos criterios de avaliación en función das dificultades específicas.

Como feito salientable hai que reflectir neste apartado que teremos **Sección Bilingüe** nun grupo de 3º E.S.O. A programación non será distinta das dos grupos monolingües salvo nos idiomas empregados na comunicación oral e escrita entre o profesor e o alumnado e nos recursos adicionais que precisará para ser levada a cabo: paneis, dicionarios, internet, libros de matemáticas de lingua inglesa, fotocopias, e a colaboración do departamento de Inglés.

Para o tratamento dos alumnos coa materia do curso anterior suspensa, ver apartado “PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES”.

## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividades interdisciplinarias:

- Celebración dalgunhas datas destacadas, como o Día da Prensa, do Consumidor, da Muller, ... e todo aquel que sirva para introducir contidos matemáticos.
- Participación con membros doutros Departamentos en visitas culturais, etc. (ex. 4º ESO, Casa das Ciencias...)
- Participación con membros doutros Departamentos na organización de diversas actividades, como carreiras de orientación ou xincanas, etc.

Actividades propias do Departamento:

- Participación (se hai vontade por parte dos alumnos) en concursos de tipo matemático dentro e fóra do centro. **(Olimpíada matemática para alumnos de 2º ESO; Participación no Rallye Matemático sen Fronteiras para 3º ou 4º ESO, dentro do centro, preferiblemente cando haxa outras actividades que perturben a marcha normal das clases)**
- Proxección de películas nas que aparezan temas relacionados coas matemáticas. **(3º ESO, “El indomable Will Hunting”, 4º ESO, “Una mente maravillosa”, dentro do centro, días por determinar, preferiblemente, cando haxa outras actividades que perturben a marcha normal das clases)**
- Preparación e realización de visitas de carácter lúdico-científica relacionadas co desenvolvemento de diversos contidos matemáticos ou co mundo da computación. **(Sen determinar os detalles, depende da oferta cultural do entorno)**

- Observación e seguimento do alumnado de 12 e 13 anos que mostren boas aptitudes na materia, para considerar a posibilidade de que formen parte do proxecto **ESTALMAT** dirixido pola Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.
- Participación no **XXV Concurso Canguro Matemático 2018**. Esta actividade será o día 15 de Marzo de 2017. É unha actividade que se ven realizando no centro de forma continuada nos últimos anos con grande participación e interese por parte de todo o alumnado da ESO.
- Participación na actividade **Stat Wars: El despertar de los datos**. Esta actividade ten por obxectivo ver a utilidade e o uso das matemáticas na xestión de datos a gran escala. Celebrarase o 17 de novembro en Santiago de Compostela.

## 12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

### Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## **13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.**

A programación de aula será tanto mellor canto mellor sexa a precisión con que se describa o seu grao de cumprimento por parte do profesorado que a vai desenvolver. É por isto que á hora de avaliála falaremos de:

### ***Avaliación inicial:***

Ten por obxecto o diagnóstico do tipo e grao de coñecementos, adquiridos no curso anterior, sobre cuestións consideradas fundamentais para o comezo das distintas unidades didácticas.

Esta avaliación diagnóstica fixará o punto de partida e permitirá perfilar os contidos, obxectivos e as estratexias metodolóxicas a incluír na programación para poder desenvolver esta con éxito ao longo de todo o curso.

Para levar a cabo esta análise recorreremos á memoria do departamento, elaborada a finais do curso precedente, na cal quedarán explicitados aqueles contidos tratados xunto co nivel de profundidade acadado, os logros obtidos e os atrancos atopados, as accións realizadas e a materia non impartida. Así partiremos da situación real do alumnado co propósito de que o aprendizaxe sexa significativo.

### ***Avaliación formativa:***

Ao longo do proceso de desenvolvemento da programación avaliaranse unha diversidade de aspectos como: a adecuación dos contidos e obxectivos ao grupo-clase, a temporalización das unidades, a interdisciplinabilidade, o aproveitamento dos recursos, a coordinación entre niveis...

Esta avaliación formativa cumpre a función de adecuar os contidos, os tempos, os recursos e os obxectivos á realidade da clase.

En setembro elaborárase a programación tratando de solucionar, na medida do posible, aqueles atrancos que se apreciaron o curso anterior.

Con todo, vai a ser en cada reunión do Departamento onde os profesores irán valorando as adaptacións feitas nas programacións, de forma que os problemas atopados podan ser solucionados sobre a marcha. Debemos ter en conta que as características do alumnado en canto á súa situación familiar, disposición cara o estudo, comportamento... son fundamentais para a organización das nosas clases. Non podemos intentar establecer unhas pautas comúns sen coñecer a realidade de cada grupo. Por outra banda, a filosofía do departamento é seguir apostando por unha programación “ambiciosa” para que a preparación do alumnado sexa o máis completa posible.

Tamén debemos sinalar que cada ano hai actividades que non aparecen nas programacións, pero que cando xorden considéranse interesantes e polo tanto son incorporadas ao longo do curso, isto xunto con outros imprevistos fai que haxa axustes na temporalización ou no desenvolvemento dos contidos.

### ***Avaliación final:***

Tal avaliación debe mostrar o grao de consecución da programación establecida. Para tal fin cómpre destacar unha escala de valoración:

A programación está ben temporalizada.

Os obxectivos son adecuados.

Os contidos están ben organizados.

A programación consegue que o alumnado acade un bo rendemento académico.

Foméntase entre os/as alumnos/as o traballo autónomo, a colaboración, o respecto e o interese polo estudo.

A programación contribúe á adquisición de ferramentas que poidan utilizar en outras materias.

Favorece a participación na clase por parte dos alumnos e alumnas.

Da resposta ás dificultades coas que se atopa o alumnado.



## Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
7. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do libro de texto.				
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
19. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
20. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
21. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
22. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
23. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
24. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
25. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
26. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

## 14. APROBACIÓN

A programación didáctica do Departamento de Matemáticas para o curso 2017-2018 é coñecida e aprobada por todos os seus membros.

D.<sup>a</sup> Pilar Cobas Cajuso

D.<sup>a</sup> María Belén López González

D. Manuel Fuentes García

D. Iván Folgueira Pérez